



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Télf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 31 DE MARZO DE 2026.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN

D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO

D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ, que se ausenta no punto de rogos e preguntas.

D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Non asiste D. Adán Formigo Sánchez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 27 DE XANEIRO DE 2026.- A representante de Avide interven para dicir que na acta recóllese a existencia de dúas Resoluciões da Alcaldía nas que se paga polo mantemento do camiño de Eigón e que se responderá por escrito, pero que non se contestou; o mesmo ocorre co asunto dos sumidoiros, que se dixo que se procedería á súa revisión.

Sometida a votación a aprobación da Acta da sesión, obtense o seguinte resultado: TRES (3) VOTOS a favor e TRES (3) votos en contra. Realizada unha segunda votación, obtense o mesmo resultado, quedando aprobada a Acta da sesión do 27 de xaneiro de 2026 polo voto de calidade do Sr. Alcalde.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÖNS DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resoluciões da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

A representante de Avide comenta que nunha Resolución recóllese a compra dunha bombona de propano a Javier Estévez Abeledo a pesar de non ser un punto oficial de distribución. Tamén lle chamou a atención as racións de polbo servidas no acto "Ou viño, un compañeiro de vida" e o día do Portal.

A Alcaldía responde que se trata de racións que se serviron ás persoas que actuaron gratuitamente o día do evento e aos carrexadores.

Intervén novamente a representante de Avide para comentar que hai unha Resolución dun pago á Cantería de Beade por cambio de muros e peche de escolas, matizando que o muro non foi cambiado, senón pintado. Séguelle parecendo esaxerado o gasto.

3.- MOCIÖN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.- En primeiro lugar, a Sra. Rama Cotelö agradece ao señor Alarcón que lle facilitase os calendarios do Concello dos anos 2025 e 2026. A continuación, procede a explicar o sentido da súa moción, cuio texto é o seguinte:



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

PSG
PSOE

MOCIÓN
Grupo Municipal

A VOCEIRA DO G.M.S. DE BEADE, M^a del Carmen Rama Cotelo, en base ó disposto nos artigos 82.2, 82.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poidan resultar de aplicación, presenta esta moción con motivo do 8 de marzo, **DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é unha data de lembranza, reivindicación e compromiso. Un día no que a sociedade reconece o camiño percorrido na defensa da igualdade entre mulleres e homes, pero tamén unha oportunidade para reafirmar o compromiso colectivo coa eliminación das desigualdades que aínda persisten.

Os avances conseguidos nas últimas décadas en materia de dereitos e igualdade son froito do esforzo do movemento feminista, do compromiso das institucións democráticas e do traballo de moitas mulleres que, dende distintos ámbitos da vida pública e privada, contribuíron a transformar a nosa sociedade.

Porén, estes avances non deben darse nunca por definitivos. A realidade segue amosando a existencia de desigualdades estruturais que afectan ás mulleres en ámbitos como o emprego, a conciliación da vida laboral e familiar, o reparto dos coidados, a participación pública ou a persistencia das distintas formas de violencia machista.

Ademais, os profundos cambios sociais e tecnolóxicos que estamos a vivir están a modificar tamén os espazos de socialización das novas xeracións. As redes sociais e os entornos dixitais convertéronse nun ámbito central na formación de valores, relacións e referentes para nenos, nenas e adolescentes. Xunto ás oportunidades que ofrecen, tamén poden reproducir dinámicas de desigualdade, acoso e violencia que afectan de maneira particular ás mulleres e ás mozas.

A isto súmase a proliferación de discursos que cuestionan ou minimizan a desigualdade entre mulleres e homes e que chegan mesmo a negar a existencia da violencia machista. Estes posicionamentos, amplificados en ocasións por determinados espazos mediáticos e dixitais, supoñen un risco evidente de retroceso nos avances acadados e dificultan a construción dun consenso social sólido arredor da igualdade.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

**PSGA
PSOE**

MOCIÓN
Grupo Municipal

Fronte a estas dinámicas, resulta imprescindible reafirmar o valor das políticas públicas de igualdade e do compromiso institucional coa defensa dos dereitos das mulleres. A igualdade entre mulleres e homes non é só unha cuestión de xustiza social, senón tamén un principio básico das sociedades democráticas e un requisito imprescindible para o seu pleno desenvolvemento.

Neste contexto, a educación en igualdade, a coeducación e a promoción de relacións baseadas no respecto e na corresponsabilidade seguen sendo ferramentas fundamentais para avanzar cara a unha sociedade máis xusta.

As administracións locais desempeñan un papel esencial neste proceso. Os concellos son o ámbito institucional máis próximo á cidadanía e, por tanto, un espazo privilexiado para impulsar políticas públicas de igualdade, desenvolver accións de sensibilización social e promover iniciativas educativas, culturais e comunitarias que contribúan a previr a violencia machista e a combater os estereotipos de xénero.

As mulleres teñen sido, ao longo da historia das nosas vilas e cidades, protagonistas do progreso social, económico e cultural das nosas comunidades. Recoñecer esa contribución, visibilizar as súas traxectorias e garantir a plena participación das mulleres en todos os ámbitos da vida pública constitúe tamén unha responsabilidade das institucións democráticas.

Por todo iso, o 8 de marzo representa unha oportunidade para renovar o compromiso dos concellos galegos coa igualdade real entre mulleres e homes, coa defensa dos dereitos das mulleres e coa construción dunha sociedade libre de violencia machista.

ACORDOS

1. Reafirmar o compromiso do Concello coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e coa defensa dos dereitos das mulleres, así como coa loita contra todas as formas de violencia machista.
2. Declarar o Concello como espazo comprometido coa tolerancia cero fronte á violencia machista, promovendo un entorno social, laboral e institucional seguro, respectuoso e igualitario para todas as mulleres.
3. Impulsar campañas municipais de sensibilización e prevención dirixidas especialmente á infancia e á mocidade que fomenten a igualdade, o respecto nas relacións e a prevención do machismo, do acoso e da violencia de xénero tamén nos espazos dixitais.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

PSG
PSOE

MOCIÓN
Grupo Municipal

4. Promover programas formativos e educativos en materia de igualdade, prevención da violencia machista e comunicación non sexista, dirixidos a centros educativos, entidades xuvenís, clubs deportivos e tecido asociativo do municipio.
5. Desenvolver accións culturais, educativas e participativas no marco do 8 de marzo que contribúan a visibilizar o papel das mulleres na historia e na vida pública do municipio, promovendo referentes femininos para as novas xeracións.
6. Recoñecer e poñer en valor a contribución das mulleres á vida social, política, cultural e económica do municipio mediante iniciativas institucionais, actividades divulgativas ou outras accións que favorezan a súa visibilidade no espazo público.
7. Reforzar a colaboración coas asociacións de mulleres, co movemento feminista e co tecido social do municipio para apoiar iniciativas que promovan a igualdade, a prevención da violencia machista e o empoderamento das mulleres.
8. Integrar de maneira transversal a perspectiva de xénero no conxunto das políticas municipais, promovendo a avaliación do impacto das actuacións públicas sobre a igualdade entre mulleres e homes.

A Voceira do Grupo Municipal Socialista

Aso.: Carmen Rama Cotelo

Beade, a 25 de marzo de 2026

ALCALDE DO CONCELLO DE BEADE (OURENSE).

Os membros presentes do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a moción.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS DE SAÚDE E MELLORAR A ATENCIÓN Á SAÚDE DAS MULLERES EN GALICIA.- Intervén a Sra. Rama Cotelo para explicar a moción, cuio texto é o seguinte:

PSG
PSOE

MOCIÓN
Grupo Municipal

MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO, voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Beade-Ourense, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación a seguinte **MOCIÓN PARA AVANZAR NA INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS DE SAÚDE E MELLORAR A ATENCIÓN Á SAÚDE DAS MULLERES EN GALICIA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evidencia científica demostra que moitas enfermidades afectan de maneira diferente a mulleres e homes, tanto na súa incidencia como na forma en que se manifestan ou responden aos tratamentos. Porén, durante décadas a investigación biomédica e o deseño das políticas sanitarias tomaron como referencia principal o corpo masculino, o que xerou importantes lagoas de coñecemento sobre a saúde das mulleres.

Esta realidade provocou en moitos casos diagnósticos máis tardíos, infradiagnóstico de determinadas enfermidades ou tratamentos menos adaptados ás necesidades específicas das mulleres.

Nos últimos anos, organismos internacionais e institucións sanitarias están a insistir na necesidade de incorporar de maneira efectiva a perspectiva de xénero na saúde pública, co obxectivo de garantir unha atención sanitaria máis equitativa, eficaz e baseada na evidencia.

Galicia non pode quedar atrás neste proceso. Resulta necesario reforzar a investigación, mellorar a análise dos datos sanitarios, impulsar a formación do persoal sanitario e desenvolver estratexias específicas que aborden de maneira integral os principais retos da saúde das mulleres.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Télf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

**PSGA
PSOE**

MOCIÓN
Grupo Municipal

Neste marco, as administracións públicas deben actuar de maneira coordinada. A Xunta de Galicia ten un papel fundamental na planificación sanitaria, mentres que os concellos poden contribuír desde o ámbito da prevención, a información e a promoción da saúde.

Por todo o exposto dende o Grupo Municipal Socialista presentamos neste Pleno para a súa aprobación os seguintes **ACORDOS**

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- Incorporar de maneira efectiva a perspectiva de xénero nas políticas públicas de saúde.
- Mellorar a recollida e análise de datos sanitarios desagregados por sexo.
- Impulsar a investigación sobre enfermidades que afectan de maneira específica ou diferenciada ás mulleres.
- Desenvolver programas de formación para o persoal sanitario sobre saúde e xénero.
- Elaborar unha Estratexia Galega para a Atención Integral da Saúde das Mulleres, con especial atención ás enfermidades infradiagnosticadas, á saúde menstrual e ao climaterio, e á saúde mental con enfoque de xénero.

2. Instar ao Concello de BEADE:

- Promover accións de información e sensibilización sobre a saúde das mulleres.
- Desenvolver actividades de educación para a saúde con enfoque de xénero.
- Colaborar co sistema sanitario e co tecido social na promoción da saúde das mulleres.

3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á FEGAMP.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

PSG
PSOE

MOCIÓN
Grupo Municipal

Asdo.: MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

A voceira do Grupo Municipal Socialista

Beado 25 de marzo de 2026

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEADE-OURENSE.

Os membros presentes do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a moción.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA MELLORA DA ESTRADA AUTONÓMICA OU-212.- Comenta a Sra. Rama Coteló que xa no anterior Pleno tratouse o tema da estrada OU-212 e que todos os membros do Pleno están ao tanto da cuestión, polo que non é necesario afondar no tema e pódese retirar a moción.

A representante de Avide considera que non estaría de máis explicar a moción para que se poidan decatarse os veciños e engade que, en caso de retirarse, presentaría a ela.

Finalmente, pola Alcaldía acórdase tratar a moción, cuxo texto é o seguinte:

M.^a del Carmen Rama Coteló como concelleira e voceira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Beade xunto co concelleiro Miguel A. Carreiro Estévez membro do devandito grupo:

PROMOVEN A MOCIÓN DE CONSULTA E TRAMITACIÓN COA XUNTA DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DUN PROXECTO E POSTERIOR EXECUCIÓN DA MELLORA DA ESTRADA AUTONÓMICA OU-212.

EXPOÑEN:

O treito da estrada autonómica OU-212, comprendido entre a igrexa parroquial de Santa María de Beade (quilómetro 40) no camiño cara Caldelas de Berán (ata o quilómetro 39), hoxe coincide cun treito do *Camiño da Geira e dos Arrieiros* transitado pola veciñanza do lugar e paso cotidiano de peregrinos cara Compostela.

Non existe un itinerario peonil alternativo neste tramo e aquí ten a súa orixe a construción da mencionada carretera que interrompeu un antigo sendeiro que estaba ubicado entre a marxe do río Caldelas e o trazado actual da vía autonómica. Polo tanto non se habilitou unha beira para peóns e as persoas usuarias transitan pola orilla da devandita carretera.

Desde o ano 2017 aumenta o número de peregrinos (ás veces en grandes grupos de persoas) que camiñan pola marxe da estrada, polo que hai un constante risco de accidentes.

Segundo a Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela, no pasado ano expedíronse máis de 750 "compostelas" a peregrinos que fixeron o *Camiño da Geira e dos Arrieiros*, o que nos aporta un dato importante para traer a pleno esta moción.

Polo tanto é urxente intervir na marxe dereita da estrada Beade-Caldelas de Berán e levar á cabo a execución dun sendeiro axeitado por detrás da barreira protectora existente neste tramo.

Dado que a OU-212 é de titularidade autonómica e afecta directamente a unha parte do territorio municipal de Beade, o Concello



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

beadense debe ser a administración que faga as xestións coa Xunta de Galicia para a procura da solución.

SOLICITAN:

Instar a Administración Local a iniciar conversas coa Administración Autonómica para elaborar un proxecto de viabilidade para actuar no tramo de vía comprendido entre os quilómetros 40 e 39.

Solicitar a elaboración dun proxecto técnico para mellorar as beiras da vía, especialmente na marxe dereita, tendo en conta criterios de perigosidade, prevención, accesibilidade, integración da paisaxe e posta en valor da contorna.

Estudar as vías de colaboración entre institucións e financiamento desta actuación.

Dar traslado a esta Corporación Municipal dos acordos entre as dúas administracións para que todos os grupos políticos estén en condicións de informar á veciñanza dos avances desta xestión solicitada polo Grupo Municipal Socialista.

Beade, 20 de xaneiro do 2026

Asdo.: M.ª del Carmen Rama Cotel

A ALCALDÍA DE BEADE-OURENSE.

Os membros presentes do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a moción.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste punto da Orde do Día prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

Reitera, en relación coñ sumidoiros, que están sen revisar, polo menos os da parte alta do pobo.

En relación á última Junta de Goberno Local, pregunta a Gabriela e a Jorge se son capaces de explicar cal foi o único punto a tratar.

En relación coas solicitudes de Avide do último pleno, comenta que acabou recibindo toda a información dous meses despois. En relación co informe forestal, quere facer constar que os datos son de 2021, polo que non está actualizado e non vén asinado por ninguén. Tampouco fai mención aos incendios de 2025 nin recolle a pista forestal que ten prevista a Alcaldía.

Neste momento da sesión o Sr. Carreiro Estévez entrega un documento para que conste en acta e auséntase do Pleno, manifestando que a súa compañeira de grupo político fará lectura do mesmo no seu turno de intervención.

Sr. Secretario. Desearía que incluíse este escrito na acta do pleno ordinario que estase a celebrar o día de hoxe 31/03/26.

Como me teño que ausentar deste pleno antes de que remate pois deixo unhas notas de cara a que consten en acta.

Levo anos xa coa etapa de Senen coma alcalde y ahora contigo Fernando solicitando por todas as vías habidas e por haber os escritos que sempre defendistes que existen dirixidos a delegación de sanidade para que HADO poidese tratar as persoas do poble que sufran dolencias graves.

Cómo a miña condición actual non me permite faltar o respecto a algun eso non impide que chame mentireiros a todos os responsables políticos e non políticos que sempre andan enganando con falsas promesas de que "se responderá por escrito" a todos os plantexamentos feitos por este o principal partido da oposición en Beade que e o PSOE. Hay que ser ben ruín para non cumprir a palabra dada e mais cómo así consta en acta de promesas que a alcaldía fai e logo non cumple. Todo isto sin ser a única cuestión plantexada o alcalde e sempre contesta coa mesma letanía " se responderá por escrito". Xa hay que ser ben miserable como político de poble non vestirse polos pes. Eu de momento sí o fago todas as mañanas.

En clave nacional o partido político que ti representas en Beade ,o PP,sólo sabe enfangar de merda a vida cotidiana da poboación pretendendo manter as dúas Españas separadas,creando confrontación e sin reparar en insultos a todo aquel que non comulgue coa corrupción na que leva instalada desde fai décadas. Por suerte neste poble chamado Beade o grupo de goberno non goza do privilexio que o seu entender entendo que sería que o principal grupo político da oposición lle brindara a todas horas insultos que farian enrojecer a calquer persoa que se sentiría decente. Gobernas 4 anos gracias o pouco sentido común dos outros grupos con representación popular y cómo tal nos respetamos as leis,cousa que vos estades lexos de facer y o que e aínda peor,e que teño a sensación de que non vos vestides polos pes.

Cambiando de asunto, solicitei por escrito que se me remitira vía correo electrónico,como así quedou plasmado en acta plenaria o recibo da agua xa que está domiciliado o pago. Aínda estou esperando a contestación vosa.

Tamen a ver si das contestación o asunto da fonte da Presa que foi tratado no pleno anterior e ti remites a patrimonio da Xunta de Galicia si procede ou non eliminar os símbolos fascistas da mesma.

Quedanme moitas cousas no tinteiro pero vounas a deixar para cando se suban as dietas a percibir polos concelleiros pois e agotador estar presente nestes plenos .



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

A representante de Avide continúa dicindo que quere saber se as placas fotovoltaicas están a funcionar.

En relación co arranxo da arqueta do Outeiro, considera que é un novo parche. Gastouse moito diñeiro neses arranxos e non entende por qué non se fai un arranxo definitivo.

Quere saber quen leva o mantemento do Concello e cantas hora está contratado porque o pobo se atopa nun estado lamentable. As limpeza adóitanse facer sempre nos mesmos viais. A parte de arriba do pobo parece unha selva. Ademais, cando chega de traballar, ao redor das 13.00 horas, atópase a un dos empregados de mantemento no bar e non lle parece de recibo.

Comenta que solicitou e remitíuselle as solicitudes de renuncia e readmisión do concelleiro Adán, pero que tamén vai solicitar as xustificacións de ausencia a plenos no último ano. A Alcaldía debería amoestalo porque é a súa obrigaón estar nos plenos.

En relación á limpeza do monte de diante do Concello, quere saber cantas persoas traballaron na mesma porque viron ata a seis persoas. De habelo sabido, huberan proposto que se aproveitase ese persoal para limpar outras zonas. Tamén pregunta a cantos veciños se lles avisou de que se podería coller a leña que había nese monte, porque unha das beneficiadas foi a familia do Alcalde, alén doutra persoa, e había máis xente interesada.

Comenta que están a pasar cousas en pavillón que non son propias da instalación, polo que solicitarán as instancias de petición de chave para uso do pavillón. Ten constancia real, con vídeos e fotos, de que se está usando o pavillón como taller mecánico. De madrugada estíbese pintando un coche dentro do pavillón. Hai moito investimento posto nesa instalación como para que se lle dea ese uso. Acepta que se celebren os aniversarios, pero non que se realicen botellóns, trapicheos e arranxos de coches.

Solicita coñecer as axudas económicas recibidas polos incendios: a totalidade das subvencións e como se recibiron.

En relación coa súa solicitude do censo de habitantes, comenta que recibiu un lista de habitantes por vivendas a data 26/03/26. Comenta que estiveros dúas horas cotexando esa lista de habitantes e no seu domicilio e no de Ana aparecen cero habitantes e enviáronse domicilios duplicados. En relación co seu domicilio, conta que anteriormente aparecía unha terceira persoa empadroada, alén dos dous conviventes. Esa cuestión solucionouse ao día seguinte ao de solicitar un certificado de empadroamento. E agora aparecen cero persoas empadroadas na listaxe.

Comunica que non pode asistir persoalmente porque ela ten un traballo adicional. Polo que non pode nin está obrigada a acudir ao Concello para ver a información baixo supervisión. O Alcalde non é quen para dicirlle a ela como concelleira cando debe vir ver a información. Por iso solicita que se lle remita a información dixitalmente. Comenta que o extracto bancario segue sen estar recibido porque, segundo o concello, ten que vir velo presencialmente.

Responde a Alcaldía dicindo que ten todo o dereito de acceder á información, pero debe entenderse que non toda a información é obrigatorio enviala vía electrónica, e máis habendo documentos que ela acaba de recoñecer que comparte con outra xente. É comprensible que se lle pida que veña a velos ao lugar no que deben estar.

Continúa a Alcaldía dicindo que lle sorprende o uso do pavillón. Hai unha listaxe de persoas que o solicitan e logo están os nenos do pobo que collen as chaves e van usalo. Calquera outro uso foi sen consentimento nin coñecemento.

En relación á persoa censada en casa do Silvia, supón que estaría previamente censada alí con permiso da propietaria da casa, que posteriormente lla alugou a Silvia.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

En relación á recollida de leña, comenta que en todas as limpeza que se fan no monte avisouse aos veciños para que a collesen.

A limpeza do monte foi realizada a través das prácticas dun curso da Mancomunidade.

As pistas limpáronse polos empregados do concello e cortaron acacias durante meses. É mentira que estean pechadas e non se poida circular por elas.

En relación coa arqueta do Outeirro, explica todas as actuacións que se realizaron e comenta que se intentará terminar a actuación do mellor xeito posible.

No pavillón hai dous tipos de placas, unhas que alimentan o pavillón e outras que están pendentes de conexión pola empresa que debe de realizala. Prevese traballar con elas nun prazo relativamente curto.

O plan forestal non se actualizou cos últimos incendios porque son aínda recentes. Haberá que actualizalo.

Os tempos de información son os que son. Os traballadores do Concello non están os cinco días no mesmo e teñen que levar unha chea de proxectos. Dáselle relevancia ao que máis importancia ten. Inténtase facer todo o mellor posible.

Sorpréndelle ver o encargado de mantemento o bar durante moito tempo. No caso de que sexa certo, amoestaráselle.

Consultará se a actuación de Adán é unha infracción susceptible de sanción.

Rógaselle confidencialidade nos documentos e que deixe de compartilos con toda a súa agrupación.

Responde Silvia que o único documento que compartiu é público e pode dárselle a calquera veciño. Intervén o Secretario para indicar que o documento que se lle remitiu non só inclúe o número de habitantes, que é público, senón unha listaxe de todas as vivendas do pobo cos seus respectivos habitantes, polo que ese documento non debería de compartirse, a pesar de que a concelleira entende que si era compartible.

O Alcalde comenta que hai documentos que son comprometidos e confidenciais e é preferible que se veñan a ver o Concello. Acceso á información, si, pero a Alcaldía decide en que forma.

A representante de Avide responde que é a lei a que a ampara como concelleira e os seus dereitos están lexislados.

A Alcaldía engade que está disposto a buscar unha data e horario que sexa cómoda para todas as partes.

Pola Sra. Rama Cotelo.

Dá lectura ao documento entregado polo Sr. Carreiro Estévez, que se introduxo anteriormente nesta Acta.

Continúa manifestando que en Beade hai un Alcalde que moito figurar e pouco xestionar.

Pol Alcaldía se responde, en canto á fonte da Presa, que se preguntou a Patrimonio ao respecto. Tamén entrega unha copia da solicitude que se realizou en materia de HADO.

A Sra. Rama Cotelo comenta que se ofreceu a realizar gratis o cartel para o acto do viño, pero que se atopou coa grata sorpresa de que o Concello convocou un concurso.

Roga, por terceira vez en pleno, que se remita a todos os membros da Corporación as nóminas e cotizacións á Seguridade Social do Alcalde.

Por segunda vez, roga que se indiquen as cantidades reembolsadas aos veciños de Beade polos traballos de loita contra os incendios do verán pasado (datas, formas de pago e cantidades destinadas a tal fin).



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Pregunta polas medidas da Alcaldía para evitar novos incendios no municipio.

En relación á resolución do 31 de xaneiro de 2026, pregunta onde desprazouse a Alcaldía e que xestión fixo para cobrar 43 euros de dietas por desprazamento.

Pregunta se o Alcalde ten información doutras Administracións para restaurar o monumento da Semana Santa en Beade.

Resposta a Alcaldía que, en canto ao cartel, pódese presentar a Sra. Concelleira sen problema e que se tratará o seu cartel por igual.

Non ten problema en que se remitan os importes da súa nómina e cotizacións da Seguridade Social, sempre que se censuren datos privados.

En canto ás medidas para evitar incendios, responde que está seriamente preocupado e que unha solución sería a pista para dar acceso ás motobombas á zona alta do pobo, pero cóntase coa negativa da Asociación Ridimoas. Ademais, quérese impulsar as asociacións veciñais de xestión conxunta, pero a xente é remisa.

Os desprazamentos normalmente son para representar o Concello de Beade ante outros concellos, a Xunta ou outra Administración, ou para solicitar axudas ou subvencións. Todos os meses hai algún desprazamento, polo que non lembra cal é o desprazamento polo que se lle pregunta.

Estase á espera da restauración do monumento de Semana Santa por parte de Cultura. O máis urxente é o tellado da igrexa, pero despois pasarase ás seguintes peticións.

A Sra. Rama Cotelo pregunta pola data de fin de obra do tellado da igrexa, ao que responde o Alcalde que se iniciarán as obras a finais deste ano.

Tamén pregunta a Sra. Rama Cotelo pola participación do Obispado nas obras, respondendo a Alcaldía que hai unha comisión conxunta do Obispado e Xunta de Galicia, que é a encargada da obra. O Concello non ten máis implicación que impulsar e solicitar a obra.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás trece horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo.: Fernando Taboada Guntín.



Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.